

1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

1.1. RELACIÓN DOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO.

O departamento de Educación Física estará composto polos seguintes membros, para o curso académico 2006-2007:

- **DON MARCOS LÓPEZ CORREDOIRA.** Profesor de ensinanza secundaria con destino definitivo no centro. Xefe de departamento.
- **DON CARLOS GÓMEZ OSA.** Profesor de ensino secundario, con destino definitivo no centro.
- **DOÑA BEGOÑA FERNÁNDEZ LÓPEZ.** Profesora de ensino secundario, con destino provisional no centro, en prácticas.

1.2. CARACTERÍSTICAS DOS GRUPOS E CENTRO DE TRABAJO.

- Centro docente: I.E.S." SANTIAGO BASANTA SILVA". VILALBA
- Características do Centro: Centro Público ubicado en zona rural onde se imparten E.S.O. y Bacharelato.
- A programación vai dirixida ós cursos de 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO e 1º de Bacharelato.
- Hai 2 clases semanais de Educación Física de 50 min. por unidade escolar.

2. NIVEIS IMPARTIDOS

No cadro exposto a continuación, podemos observar tres importantes parámetros; os niveis impartidos, xunto co nº de unidades de cada un, e as correspondentes horas impartidas polo departamento de educación física.

NIVEIS IMPARTIDOS	Nº DE UNIDADES	HORAS IMPARTIDAS	TOTAL HORAS DEPARTAMENTO
1º ESO	5 UNIDADES	10 HORAS	52 HORAS
2º ESO	6 UNIDADES	12 HORAS	
3º ESO	6 UNIDADES	12 HORAS	
4º ESO	5 UNIDADES	10 HORAS	
1º BACHARELATO	4 UNIDADES	8 HORAS	

3. OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO.

A Educación física é a área que a través do corpo, do movemento e da psique, permite a integración total do individuo.

Consecuentemente, os obxectivos do Departamento de Educación Física, irán encamiñados a desenrolar as diferentes CAPACIDADES do individuo facendo especial fincapé nas seguintes:

- a) *Desenrolo das capacidades **motrices**, entendidas non só nos aspectos psicolóxicos, lúdicos o de rendemento motor, senón como xeradores dunha mellora na calidade de vida.*
- b) *Desenrolo das capacidades **afectivas**, no sentido da potenciación da autoestima, do coñecemento e aceptación do seu propio corpo y desexos de mellora persoal.*
- c) *Desenrolo das capacidades **sociais**. Sendo unha área na que nos aspectos de traballo cooperativo, a solidariedade, a saúde xeral e a integración no contexto social, tanto profesional como de tempo libre, ofrece un abano maior de posibilidades de desenrolo das capacidades-habilidades de educación en valores e comunicación social.*
- d) *Desenrolo das capacidades **cognitivas e de expresión**, abarcando de modo global e intelectual as tres linguaxes do ser humano: xestual, oral e escrito.*

4. PRIMEIRO CICLO DA ESO.

4.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO.

A EF no 1º ciclo da ESO terá como obxectivos contribuír a desenvolver a través do proceso de aprendizaxe as seguintes capacidades e fins xerais:

- ☐ Coñecer e valorar os efectos da práctica habitual e sistemática da actividade física no desenrolo persoal, e na mellora das condicións de vida e de saúde.
- ☐ Diferenciar e exercitar as capacidades físicas básicas en todas as súas dimensións de modo continuo e sistemático, controlando individualmente o traballo en cantidade e calidade.
- ☐ Cooperar nas diferentes actividades físico-deportivas.
- ☐ Mostrar aptitudes técnicas básicas nos diferentes deportes individuais ou colectivos a practicar, e nas diferentes actividades físicas que poñan en funcionamento habilidades e destrezas básicas.
- ☐ Participar activamente en todas as actividades propostas, potenciando o gusto pola actividade física e deportiva.
- ☐ Empregar a frecuencia cardíaca como indicador de traballo en resistencia.
- ☐ Controlar as sinais de alarma en sobreesforzo.
- ☐ Coñecer e aplicar individualmente a estrutura básica dos exercicios e fases dun quentamento xeral e básico.
- ☐ Participar activamente en actividades básicas no medio natural comportándose de modo respectuoso, e coidando activamente o medio.
- ☐ Valorar a expresión corporal como modo de comunicación, utilizando este medio para comprender mensaxes e estados, e ser comprendidos/as neste sentido.
- ☐ Respetar as normas e regras básicas de comportamento nas clases, así como os hábitos hixiénicos e de coidado e conservación dos materiais e instalacións do centro.

4.2. SELECCIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

4.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- ☐ Realizar de maneira autónoma actividades de quentamento de carácter xeral.
- ☐ Confeccionar un quentamento xeral personalizado por escrito.
- ☐ Ter incrementado as capacidades físicas traballadas no curso de acordo co momento de desenrolo motor e as características persoais..
- ☐ Diferenciar as características xerais das actividades para o desenrolo das distintas capacidades físicas aplicadas á súa actividade.
- ☐ Valorar o seu nivel de condición física en relación co grupo de clase onde se encontra ubicado.
- ☐ Mostrar hábitos saudables na práctica de actividades encamiñadas ó desenrolo das capacidades físicas.
- ☐ Manter un correcto ritmo respiratorio adaptado á esixencia das distintas actividades físicas.
- ☐ Empregar a respiración para recuperar o equilibrio psicofísico trala actividade física ou en situacións de tensión.
- ☐ Adaptar as habilidades básicas ó medio natural, adquirindo habilidades específicas propias deste medio.
- ☐ Participar de forma activa en actividades encamiñadas á conservación do entorno.
- ☐ Aplicar as habilidades específicas adquiridas a situacións reais de práctica de actividades físico-deportivas prestando unha especial atención ós elementos perceptivos, de toma de decisión e de execución.
- ☐ Utilizar os elementos de percepción, toma de decisión y execución para a resolución de problemas motores propios dos deportes individuais e colectivos.
- ☐ Desempeñar o papel asignado, utilizando a técnica aprendida, no desenvolvemento de estratexias colectivas de ataque e defensa en deportes colectivos.
- ☐ Aplicar con certa flexibilidade diferentes estratexias no desenvolvemento dos deportes individuais.

- ☐ Utilizar os elementos técnicos aprendidos en situacións reais de xogo.
- ☐ Aceptar a competición como unha forma lúdica de realizar actividades físico-deportivas, valorando a mellora.

5. SEGUNDO CICLO DA ESO. TERCEIRO CURSO.

5.1 OBXECTIVOS XERAIS PARA O SEGUNDO CICLO. TERCEIRO CURSO.

- ☐ Coñecer as bases do entrenamiento e formas de aplicación para o desenvolvemento da condición física.
- ☐ Coñecer e aplicar diferentes formas, tarefas e medios de entrenamiento para o desenvolvemento das diferentes capacidades físicas.
- ☐ Progresar no nivel de rendemento motor a través do dominio das habilidades básicas, a mellora das capacidades físicas, e da adaptación das mesmas a novos contextos de dificultade variable.
- ☐ Adquirir e perfeccionar as habilidades específicas de deportes individuais, colectivos ou de adversario, incidindo tanto nos aspectos técnicos como nos tácticos e regulamentarios.
- ☐ Coñecer e comprender os procedementos tácticos e estratexias individuais e colectivas, aplicando de forma eficaz as habilidades específicas na resolución de problemas en situacións reais de xogo.
- ☐ Participar de forma activa na práctica de xogos e deportes.
- ☐ Mostrar actitudes de cooperación e respecto nos xogos e deportes, valorando os logros e actuacións propias e dos demais.
- ☐ Apreciar a riqueza e importancia dos xogos e deporte como elemento de integración social.
- ☐ Participar en actividades no medio natural aplicando as técnicas básicas adquiridas e respectando as normas de seguridade e uso para a súa conservación.
- ☐ Adquirir habilidades e técnicas específicas para participar en actividades físico deportivas no medio natural cunha actitude responsable e de respecto ó mesmo.
- ☐ Practicar de forma desinhibida e espontánea en actividades físico deportivas de ocio e recreación.

- ❑ Coñecer e experimentar técnicas básicas de relaxación como medio para reducir desequilibrios e reducir as tensións derivadas da práctica de actividades físico deportivas.
- ❑ Valorar a importancia dos recursos expresivos e rítmicos adquiridos como medio de integración socio cultural.
- ❑ Valorar a riqueza expresiva das actividades rítmicas e musicais.

5.2. SELECCIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

5.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O SEGUNDO CICLO.

TERCEIRO CURSO:

- ☐ Realizar de forma autónoma quentamentos xerais adaptados ás súas características persoais.
- ☐ Adaptar de forma básica o quentamento xeral ás características da actividade a realizar.
- ☐ Analizar o grao de implicación das diferentes capacidades físicas utilizadas na propia actividade físico deportiva.
- ☐ Incrementar as capacidades físicas, de acordo col momento de desenvolvemento motor, acercándose no posible ós valores medios do entorno de referencia.
- ☐ Utilizar as modificacións da frecuencia cardíaca e respiratoria como indicadores da intensidade do esforzo realizado.
- ☐ Empregar as variacións da frecuencia cardíaca e respiratoria en calquera actividade física para adaptar e regular o esforzo en función das capacidades persoais.
- ☐ Analizar e valorar os efectos beneficiosos que sobre a saúde teñen o desenvolvemento das distintas capacidades físicas, especialmente a resistencia aeróbica e a flexibilidade.
- ☐ Incluír na súa práctica cotiá hábitos de hixiene e saúde relacionados co desenvolvemento das capacidades físicas.
- ☐ Realizar actividades no medio natural que teñan como finalidade aprender a desenvolverse nel, comprometéndose no seu coidado e conservación.
- ☐ Coordinar as accións técnico-tácticas individuais coas do equipo co obxecto de levar a cabo as estratexias colectivas con certa eficacia.
- ☐ Participar de forma activa nas accións colectivas de ataque e defensa, cooperando na consecución dos obxectivos colectivos do equipo.
- ☐ Utilizar os elementos de toma de decisión para a resolución de problemas motores propios dos deportes individuais e colectivos traballados.

- ❑ Adaptar as habilidades específicas a situacións e contextos reais de xogo, conseguindo certos niveis de eficacia e avaliando a adecuación de tales habilidades ó obxectivo previsto.
- ❑ Utilizar as propias habilidades expresivas desenvolvidas como medio de relación e comunicación cos demais.
- ❑ Practicar danzas colectivas, dándolles un matiz expresivo utilizando procedementos creativos.
- ❑ Adaptar os seu recursos expresivos ós dos seus compañeiros para a consecución de elaboracións colectivas de ritmo e expresión.

6. SEGUNDO CICLO DA ESO. CUARTO CURSO.**6.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA O SEGUNDO CICLO. CUARTO CURSO.**

- ❑ Afondar na aplicación dos diferentes métodos e sistemas para mellorar de forma diferenciada cada unha das capacidades físicas.
- ❑ Diseñar con certa autonomía tarefas e medios de entrenamiento, facendo un tratamento discriminado das capacidades, y mellorando o nivel de condición física e as condicións de saúde e calidade de vida.
- ❑ Incrementar o nivel de rendemento motor mediante o dominio das habilidades específicas e o acondicionamento e mellora paralelo das capacidades físicas complexas.
- ❑ Perfeccionar e utilizar con eficacia as habilidades específicas dos deportes practicados tanto no ámbito recreativo como competitivo.
- ❑ Practicar con certa autonomía os deportes aprendidos, utilizando los fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos, en situacións globais de xogo ou en competición.
- ❑ Recoñecer e valorar a importancia socio cultural do deporte, así como os aspectos negativos e positivos que se derivan da súa práctica.
- ❑ Fomentar actitudes de tolerancia, colaboración e respecto na práctica dos xogos e deportes.
- ❑ Participar e practicar de forma autónoma xogos e deportes, con independencia do nivel alcanzado, favorecendo a relación e integración no grupo.
- ❑ Colaborar de forma activa no deseño e organización de campionatos, fomentando os valores positivos da práctica deportiva.
- ❑ Dominar as habilidades técnicas básicas para realizar actividades físico deportivas no medio natural, e que impliquen unha maior autonomía de acción.
- ❑ Participar no deseño e na realización de actividades que favorezan a conservación e mellora do medio natural, contribuíndo á súa organización e desenvolvemento.

- ❑ Participar con certa autonomía, de forma individual ou grupal, en manifestacións deportivas de ocio e recreación, dentro ou fóra do recinto escolar.
- ❑ Utilizar e aplicar as técnicas básicas de relaxación como medio para reducir desequilibrios e reducir as tensións producidas na vida cotiá ou derivadas da práctica de actividades físico deportivas.
- ❑ Practicar de forma autónoma as técnicas básicas de relaxación e beneficiarse dos seus efectos positivos para a saúde e mellora da calidade de vida.
- ❑ Utilizar de forma consciente as actividades rítmicas para mellorar a súa relación cos demais e medio de expresión.
- ❑ Desenvolver actitudes creativas a través das actividades rítmicas e musicais.
- ❑ Deseñar e participar activamente en actividades rítmicas cunha base musical, como medio de comunicación e expresión creativa.

6.2. SELECCIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

6.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O SEGUNDO CICLO.

CUARTO DA ESO.

- ☐ Realizar quentamentos xerais e específicos adaptados ás actividades físicas practicadas e ás súas características persoais.
- ☐ Diferenciar as características dos distintos traballos destinados ó desenrolo de cada unha das capacidades físicas.
- ☐ Incrementar as capacidades físicas, de acordo co momento de desenrolo motor, acercándose no posible ós valores medios do entorno de referencia.
- ☐ Analizar o grao de implicación das diferentes capacidades físicas utilizadas na propia actividade físico deportiva.
- ☐ Diseñar sinxelos programas persoais para o desenrolo das capacidades adaptados ás súas características persoais.
- ☐ Analizar e valorar os efectos beneficiosos que sobre a saúde teñen o desenrolo das distintas capacidades físicas.
- ☐ Incluír na súa práctica cotiá hábitos de hixiene e saúde relacionados co desenrolo das capacidades físicas.
- ☐ Comportarse respectuosamente co medio natural e utilizar as técnicas adecuadas no desenvolvemento de actividades físicas na natureza.
- ☐ Aplicar e utilizar as estratexias colectivas en actividades deportivas, de ocio e recreación, interpretando correctamente o equilibrio que debe existir entre a acción técnico-táctica individual e colectiva.
- ☐ Cooperar cos compañeiros na consecución de obxectivos colectivos na práctica deportiva, asumindo e desenvolvendo o papel asignado dentro do grupo.
- ☐ Resolver os problemas de decisión que xorden nas actividades deportivas colectivas en distintos medios, utilizando as habilidades específicas adecuadas e axustándoas á elaboración de estratexias colectivas de defensa ex ataque.
- ☐ Adaptar as súas accións técnico-tácticas á estratexia colectiva e ó

regulamento na práctica de deportes colectivos, de ocio e recreación.

- ☐ Mostrar actitudes de colaboración e respecto nas actividades físico-deportivas, valorando os logros e actuacións con independencia de quen as realice.
- ☐ Participar de forma desinhibida e construtiva na realización e organización de actividades físico-deportivas.
- ☐ Participar de forma activa en tarefas físico-deportivas asumindo as diferenzas individuais entre os practicantes.
- ☐ Adoptar hábitos saudables para manter o equilibrio psicofísico e o control do ton muscular e emocional en situacións de tensión.
- ☐ Utilizar de forma creativa as propias habilidades expresivas desenroladas para mellorar a súa relación e comunicación cos demais.

7. BACHARELATO.

7.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA O BACHARELATO.

A educación física nesta etapa está orientada á mellora no coñecemento do noso corpo así como das súas posibilidades motrices o que implica o aumento de coñecemento respecto ás anteriores etapas educativas desenroladas polo alumnado.

Tendo en conta o actual contexto socioeconómico no que nos encontramos inmersos, debemos de falar de dous eixes de actuación claros:

- A mellora da saúde, entendendo esta idea como a adquisición de condutas encamiñadas ó desenvolvemento dunha vida san e a adopción dunha actitude crítica fronte ás prácticas que inciden negativamente na mesma.
- O desenvolvemento de habilidades específicas orientadas á planificación de actividades que permitan o disfrute activo do tempo libre, ben sexa no medio natural, en actividades deportivas, etc.

A importancia da educación física neste sentido, debe ser desenrolada dende os tres bloques de contidos de modo que permitan ó alumnado acadar plena autonomía na planificación das súas actividades físico-deportivas, non só centrándose no ámbito puramente procedimental, senón tamén no conceptual e actitudinal, logrando así unha formación integral do noso alumnado.

En aras dunha continuidade coherente e progresiva cos obxectivos da área de Educación Física na EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, os obxectivos xerais para o BACHARELATO serán o desenvolvemento das capacidades terminais expresadas en:

- ❑ Afondar no coñecemento do seu propio corpo, fomentando a práctica sistemática de actividades físico-deportivas, que faciliten a súa inserción persoal, social e profesional ou universitaria.
- ❑ Aumentar as súas posibilidades de rendemento motor, perfeccionando o seu control corporal, tendentes a lograr accións eficaces e de superación.
- ❑ Planificar e levar a cabo actividades físicas que favorezan unha mellora da calidade de vida, saúde e hixiene individual e social, aportando actitudes críticas ante aspectos non saudables, a conservación do entorno, e a non discriminación.
- ❑ Utilizar a capacidade expresiva e de movemento do corpo como linguaxe de comunicación global que permita "ser, sentir, ser entendido e entender".
- ❑ Coñecer, analizar e participar do fenómeno socio-deportivo cunha visión crítica que permita adoptar unha postura autónoma, solidaria e de progresión persoal e comunitaria, apreciando e desenrolando criterios estéticos, lúdicos e culturais.
- ❑ Ter adquiridos os coñecementos e actitudes suficientes, que permitan a súa integración no ámbito profesional e/ou universitario na sociedade, así como unha boa utilización do seu tempo libre.
- ❑ Utilizar e valorar as técnicas de relaxación como medio de coñecemento persoal e como recurso para reducir desequilibrios e aliviar tensións producidas na vida diaria.

7.2. SELECCIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

7.3. CRITERIOS DE AVALUACIÓN PARA BACHARELATO.

- ☐ Diseñar e realizar programas de acondicionamento físico a partir da avaliación
- ☐ Perfeccionar cada unha das capacidades físicas, o coñecemento da propia condición física e as súas necesidades, respectando os criterios básicos de saúde.
- ☐ Progresar na utilización da comunicación non verbal como canal de expresión de sentimentos e emocións, nun ambiente de aceptación da corporalidade propia e allea.
- ☐ Perfeccionar as habilidades específicas correspondentes á modalidade deportiva elixida, mostrando eficacia técnico-táctica na resolución de problemas que presenta a súa práctica.
- ☐ Coñecer os fundamentos dos deportes autóctonos.
- ☐ Mostrar unha actitude positiva de comprensión teórica e aplicación práctica da conduta competitiva nas diferentes modalidades, entendida como un medio de interrelación en el ámbito deportivo.
- ☐ Ter medianamente definidas aquelas actividades recreativas que con máis agrado realizan no tempo de lecer, e interesarse pola perseveranza de afianzar hábitos que podan terminar converténdose en afeccións e polo tanto elementos educativos de disfrute e satisfacción.
- ☐ Organizar e dirixir unha actividade de carácter físico-recreativo para o uso e disfrute do tempo libre, avaliando os recursos dispoñibles no centro e no entorno máis próximo.

8. ORIENTACIÓN DIDÁCTICAS E METODOLÓGICAS.

Os criterios que explican e fundamentan a presente Programación baséanse nos seguintes principios: *flexibilidade, actividade, participación, integración, indución e baseada no xogo.*

- **Flexible:** Axustándose a cada alumno/a, as propostas de exercicios a realizar están pensadas para todos os alumnos/as, sen facer separacións en orde ás capacidades, sexo, etc, nin fixando marcas que non podan estar ó alcance de todos os alumnos/as.
- **Activa:** Buscando facer ó alumno/a protagonista da súa propia actividade, responsabilizándose das súas propias tarefas e desenrolando unha actividade en función da capacidade de cada alumno, mantendo sempre o criterio de potenciar a creatividade dos alumnos/as escapando de modelos fixos, estereotipados e repetitivos.
- **Participativa:** Potenciando a cooperación e o compañeirismo por medio dunha organización de grupos e equipos heteroxéneos e equilibrados, evitando todo tipo de maxinación.
- **Integradora:** Partindo de que a E. Física debe estar en función das capacidades e posibilidades de cada alumno/a, entendendo que non existe unha resposta motriz única, senón unha mellora ou progresión do punto de partida motriz.
- **Indutiva:** Intentando que o alumno/a en cada momento saiba que parte do seu corpo está desenrolando ou está movendo.
- **Lúdica:** Fundamentando todas as actividades nos principios do xogo.

9. AVALIACIÓN.

9.1. MOMENTOS DA AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS.

Distinguiremos tres momentos clave, cada uno deles coas súas características específicas: **avaliación inicial, avaliación formativa e avaliación sumativa ou final.**

Avaliación inicial: O inicio do curso permitiranos identificar o punto de partida dos alumnos coa finalidade de adecuar o proceso á realidade do grupo. Teremos en conta os coñecementos previos do alumno, para adaptar as novas actividades de forma progresiva a partir dos mesmos.

Avaliación formativa: Permítenos obter información de cómo se está desenvolvendo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e establecer os cambios pertinentes en cada momento se fosen necesarios. Así mesmo, servirá para que o alumno/a teña unha información sobre os seus erros, se os houbera, e establecer os mecanismos para a súa corrección.

Avaliación sumativa ou final: A través da que os alumnos/as terán información relativa ó grao de consecución dos obxectivos establecidos, ó final del curso, etapa ou ciclo.

Serán obxecto de avaliación os tres tipos de contidos: *conceptuais, procedimentais e actitudinais*, utilizando as técnicas e instrumentos que o profesor considere máis oportunos para cada momento, distinguindo os seguintes:

-Procedementos obxectivos: **exame ou proba obxectiva, exame oral ou escrito, entrevista, probas de execución, tests, traballos teórico - prácticos ...**

-Procedementos subxectivos: **listas de control, escalas de clasificación, rexistros...**

9.2. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PORCENTAXES.

A cualificación de área establecerase tendo en conta os criterios de avaliación establecidos, e segundo as seguintes porcentaxes establecidos para cada un dos diferentes tipos de contidos:

- a) Contidos **conceptuais**: “saber”, con adquisición das nocións propostas na programación preténdese que o alumnado coñeza os elementos máis lóxicos que sustentan os contidos procedimentais.
- b) Contidos **procedimentais**: “saber facer”; dado o carácter eminentemente práctico da área supoñen o núcleo fundamental dos contidos a impartir, sobre a base de estes estrutúranse os demais cobrando sentido.
- c) Contidos **actitudinais**: “saber estar”; a cooperación, a implicación nas actividades e o respecto serán aspectos importantes a valorar durante el desenvolvemento das sesións, poñendo de manifesto o carácter integral da formación pretendida.

As porcentaxes que corresponderán a cada un destes contidos son os que amosa o gráfico anexo:

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH.
CONT. CONCEPTUAIS	10 %	15 %	20 %	25 %	30 %
CONT. PROCEDIMENTAIS	45 %	45 %	45 %	45 %	45 %
CONT. ACTITUDINAIS.	45 %	40 %	35 %	30 %	25 %

Para poder ser avaliado positivamente, será necesario acadar polo menos o **50%** da cualificación proposta en cada un dos apartados establecidos nos párrafos anteriores superando así a media aritmética de 50% de total de contidos.

9.3. VALORACIÓN DE ALUMNOS LESIONADOS.

Os alumnos lesionados que por prescripción médica, non podan seguir o currículo normal a nivel procedimental, atenderán ós seguintes criterios de avaliación:

1. Presentarán xustificante médico que describa a lesión e impedimentos que esta ocasiona no transcurso normal do currículo, xunto coa especificación do período temporal de lesión.
2. Deberán entregar ó final da avaliación unha memoria detallada que reflicta o desenvolto de todas as sesións impartidas polo profesor durante o período de lesión.
3. Entregarán un traballo teórico – práctico en cada trimestre sobre un tema designado polo profesor, cinxíndose a un esquema orientativo impartido polo docente, sempre en consonancia cos contidos impartidos nese trimestre.
4. A porcentaxe correspondente ós contidos procedimentais (45%), quedará dividido en dous subapartados de igual valor: Memoria de sesións (15%) + traballo teórico – práctico (30%).

9.4. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.

Aqueles alumnos de Educación Secundaria Obligatoria e 1º de bacharelato, que estean obrigados a acudir á convocatoria de setembro atenderán ós seguintes criterios:

Deberán realizar unha proba teórica que abarque todos os contidos impartidos na área de educación física, durante todo o curso, acadando polo menos un 50% da nota para poder superar dito nivel. Se o profesor o require deberán presentar traballos teóricos en consonancia cos contidos impartidos en dito nivel.

A proba teórica a realizar constará de 10 preguntas a desenvolver ou 50 preguntas tipo test, ás que o alumno contestará no período de 60 minutos.

10. INSTALACIONES, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

O centro conta con varias instalacións específicas para a práctica da E. F.:

- Dous ximnasios de 10 x 15 mts., aproximadamente con almacén para material deportivo. (Ximnasio A)
- Dúas pistas polideportivas exteriores de diferentes medidas.
- Unha pista polideportiva cuberta de 50 x 20 mts. (Polideportivo E).
- Un ximnasio cunhas medidas de 15 x 25 mts., con dous vestiarios, un almacén para material deportivo e un despacho para os profesores de EF. (Pavillón C).

Atendendo as diferentes instalacións existentes no centro, levaremos a cabo unha realización do inventario, distribuíndo o material en cada unha delas.

MATERIAL PERMANENTE	PABILLÓN C	POLIDEPORTIVO E	XIMNASIOS A
	<ul style="list-style-type: none"> 6 PALOMILLAS DE SUXEC. 4 CANASTRAS FIXAS. DEPARTAMENTO E.F. 1 PIZARRA. 1 ARMARIO. 1 ORDENADOR 	<ul style="list-style-type: none"> 4 PORTERIAS FIXAS. 4 CANASTRAS: 2 FIXAS-2 MÓV 8 ESPALDEIRAS. 1 CORCHO GRANDE. 3 MESAS E 3 SILLAS. 6 POSTES DE VOLEIBOL Y 3 REDES, 	<ul style="list-style-type: none"> 1 ESCADA HORIZT. 20 ESPALDEIRAS. 1 ESCADA VERTICAL. 3 BANCOS SUECOS. 1 MESA E SILLA.
MATERIAL FUNXIBLE	<ul style="list-style-type: none"> <u>BÁDMINTON.</u> 39 RAQUETAS NOVAS. 28 RAQUETAS USADAS. 9 CAIXAS DE PLUMAS NOVAS. 20 PLUMAS USADAS. 2 REDES DE GOMA. 1 REDE NOVA LARGA. <u>DEPORTES ALTERNATIVOS.</u> 20 FREESBES PEQUENOS. 10 STICKS FLOORBALL. 6 PELOTAS FLOORBALL. 3 PASTILLAS HÓCKEY. 17 INDIKAS. 23 PELOTAS ESPUMA. 11 BRÚXULAS. 39 PALAS. 25 PELOTAS DE TENIS. <u>ATLETISMO.</u> 2 SALTÓMETROS. 4 XABALINAS. 8 BALÓNS MEDICINAIS. 4 VAIAS. 5 CRONÓMETROS. 3 PESOS LANZAMENTO. 5 DISCOS LANZAMENTO. <u>XIMNASIA.</u> 10 CORDAS RÍTMICA. 2 POTROS – 1 INUTIL. 1 T. REUTER INÚTIL. 2 PLINTON INÚTILES. 1 PLINTON ÚTIL. 4 AROS. 13 BALÓNS RÍTMICA. <u>BALÓNS DIF. DEPORTES.</u> 16 VOLEIBOL NOVOS. 4 FUTBOL NOVOS. 6 RUGBY NOVOS. 25 PELOTAS TENIS. 23 BASKET OPERATIVOS 16 BALONMAN CON REDE ESPUMA: 16+11 CON REDE 12 VOLEIBOL CON REDE. CAIXA DE BALÓNS XIGANTES. 	<ul style="list-style-type: none"> <u>BALÓNS DIFERENT. DEPORTES.</u> 3 FÚTBOL. 12 RUGBY. 8 BALONCESTO. 7 VOLEIBOL. <u>DEPORTES ALTERNATIVOS.</u> 34 STICKS FLOORBALL. 4 PORTERÍAS FLOORBALL. 30 PARES PATÍNS EN LIÑA. 30 CORDAS RÍTMICA. 1 CORDA DE SOGATIRA. <u>VARIOS.</u> 1 INFLADOR. 1 CORCHO PEQUECHO 15 PICAS. 1 BOTIQUIN. <u>VARIOS.</u> 1 INFLADOR. 1 CINTA SEÑALIZADORA. 2 CINTAS MÉTRICAS. 1 RADIOCASETE. 1 ALARGADOR. 18 ESTERILLAS. 37 CONOS. 2 AROS BALONCESTO. 14 PETOS: VERDES – AZUIS. 20 PETOS PEQUEÑOS: ROJOS – VERDES. 1 JAULA PARA BALONES. 10 ESPALDERAS NUEVAS. 4 BANCOS DE VESTIARIO. 	<ul style="list-style-type: none"> <u>XIMNASIA DEPORTIVA.</u> 16 COLCHONETAS. 2 QUITAMEDOS. 2 MINITRAMPOLINES. 1 T. REUTER ÚTIL. 2 PLINTONS ÚTILES. JUEGO DE ZANCOS.

11. INCORPORACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS.

Cando programamos a nosa actividade teremos en conta todos os contidos transversais, a pesar de iso destacamos seguidamente aqueles que en, cada bloque de contidos, poden ter unha maior significación dende a nosa labor pedagóxica nesta área, que, por outra banda, pódese prestar a un maior enriquecemento educativo dada a súa gran implicación en tarefas de ocio e tempo de recreo.

Dentro da **educación secundaria obrigatoria** serán introducidos do seguinte modo:

	Condición física.	Expresión corporal.	Habilidades e destrezas básicas	A.M.N.	Xogos e deportes.
Ed. ambiental				X	X
Ed. para a paz.					X
Ed. para a saúde	X	X			
Ed. do consumidor	X			X	X
Ed. sexual	X	X			X
Ed. moral e cívica	X	X	X	X	X

Ed. na igualdade de oportunidades	X	X	X	X	X
Ed. vial				X	

Dentro da **educación secundaria post-obrigatoria** os temas transversais serán introducidos do seguinte modo:

	Condición física e saúde	Ritmo e expresión.	Habilidades deportivas	Actitudes, valores e normas
Ed. ambiental				X
Ed. para a paz.				X
Ed. para a saúde	X		X	X
Ed. do consumidor	X		X	X
Ed. sexual				X

Ed. moral e cívica	X	X	X	X
Ed. na igualdade de oportunidades	X	X	X	X
Ed. vial				X

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Federacións deportivas.

Nun primeiro momento tratarase de potenciar a máxima participación do alumnado nas distintas escolas deportivas, organizadas polas diferentes federacións deportivas e o patronato de deportes entre as que podemos destacar:

- ❑ Tiro con arco.
- ❑ Travesía en kaiac.
- ❑ Actividades de loita.
- ❑ Tenis.

Entre as diferentes actividades extraescolares organizadas polo departamento podemos destacar as seguintes:

Semana branca.

Realización dun curso de esquí con diferentes niveis e cunha semana de duración nunha estación invernal por confirmar.

Actividades interdisciplinares.






Buscarase o aproveitamento na realización de actividades conxuntas entre varios departamentos para a inclusión de aspectos físico – deportivos xunto ás mesmas. Un exemplo serían as rutas en bicicleta no que se levarían a cabo coa área de ciencias sociais.

Ligas internas.

Levaranse a cabo diferentes ligas deportivas de carácter interno que intenten abarcar o amplo espectro del deporte, incidindo sobre aquelas que estean en consonancia coa dotación de recursos e material do centro.

Xogos tradicionais.

Realizarase unha sesión didáctica a finais de curso, incluída no festival de fin de curso, que globalice xogos populares e tradicionais, tales como:

-  A rá.
-  A chave.
-  O sogatira.
-  O herrón.
-  A raiola.

Coa finalidade de que o alumno integre coñecementos sobre xogos de carácter motor dos seus ancestros, variantes dos mesmos, etc.

Rutas en bicicleta.

Levaranse a cabo excursións cunha duración dun día sin pernocta na que o alumno entrará en contacto, co medio natural, traballando contidos como a orientación, coñecemento do medio, colaboración e cooperación cos compañeiros..... Nun entorno próximo o centro educativo.

Actividades	Secuenciación	Temporalización
SEMANA DA NEVE	1º BAC	XANEIRO - MARZO
RUTAS EN BICICLETA	4ºESO	MAIO – XUÑO
RAFTING	4º ESO	MAIO - XUÑO
TRAVESÍA KAYAC	3º ESO	ABRIL - MAIO
TIRO CON ARCO	2º ESO	XANEIRO - MARZO
LOITA LIBRE OLÍMPICA	1º ESO	XANEIRO - MARZO
XOGOS TRADICIONAIS	TÓDOLOS NIVEIS	MAIO
LIGAS INTERNAS	TÓDOLOS NIVEIS	OCTUBRE - MAIO

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Nun principio este departamento estudará detidamente cada caso concreto de aqueles alumnos que necesiten medidas de atención á diversidade, xa que non se sabe qué tipo de problemas van a presentarse; estas carencias en algúns casos serán observadas a simple vista e noutros detectaranse por medio da realización das probas físicas correspondentes que tódolos alumnos deben executar na avaliación inicial de principio de curso. Tamén se contará cos informes emitidos polo departamento de orientación do centro.

Unha vez coñecida a problemática de cada alumno, tratarase de:

- Adecuar os obxectivos xerais a cada alumno.
- Utilizar recursos e tarefas variadas que de algunha maneira dean resposta ós casos que se presenten.
- Facer fincapé no desenvolvemento das capacidades que presenten ditos alumnos.
- Tratarase de organizar a utilización do espazo e o material didáctico.
- Adecuación do método de ensinanza en función das actividades e obxectivos que pretendemos conseguir cos alumnos; será un método o máis individual e personalizado posible, en función das carencias presentadas, sen que isto afecte, na medida do posible ó desenvolvemento normal da clase.
- Desenvolver unha aprendizaxe máis significativa con estes alumnos que lles permita integrar novos movementos nos seus esquemas motrices.

Todo o proceso de atención á diversidade estará presidido polo

obxectivo fundamental da súa adaptación á dinámica xeral da clase, tanto a nivel social como de contidos.

14. ATENCIÓN DE ALUMNOS PENDENTES.

Unha vez reunido O departamento de educación física pónense de manifesto as decisións acordadas en consonancia coa atención dos alumnos pendentes que se realizará atendendo á orde de 30 de setembro de 2004 sobre avaliación, promoción e titulación na ensinanza secundaria obrigatoria, como consecuencia do disposto no Real Decreto 1318/2004, de 28 de maio.

Tendo en conta o carácter progresivo da asinatura de educación física, durante a educación secundaria obrigatoria, aqueles alumnos que superen a asinatura acadando os obxectivos establecidos nese nivel educativo, serán avaliados positivamente dos contidos nos niveis educativos que os preceden.

15. ANEXOS.

16. BIBLIOGRAFÍA.

- BRAGADO RODRÍGUEZ, M. O Proyecto Curricular de Centro. Ed. Generales. Vigo. 1992.
- COLL, César. "Diseño Curricular base y proyectos curriculares". Cuadernos de Pedagogías, nº 168. Pp. 8-14. 1989
- DEL CARMEN, Luis. "Secuenciación de los contenidos educativos". Cuadernos de Pedagogías, nº 188. Pp. 20-23. 1991.
- LAGO MARTÍNEZ, X.R. A programación de aula. Ed. Generales. Vigo. 1992.
- MOSSTON, M. La enseñanza de la educación física. Ed. Paidós. 1978.
- SANCHEZ BAÑUELOS, F. Bases para una didáctica de la Educación